



Campa escola

Primavera 2026

Concello de



Oleiros

CAMPAMENTO DE TRES DÍAS onde os nenos e nenas a través de actividades dinámicas e educativas, aprenderán de forma lúdica en contacto coa natureza e co medio, traballaremos na súa autonomía persoal e na adquisición de hábitos saudables. Levarán a cabo obradoiros ao aire libre, horta ecolóxica, itinerarios e xogos tradicionais e sobre todo grandes xogos de animación.

CAMPAESCOLA/3-6 anos. ALBERGUE FINCA TENREIRO

	1º DÌA	2º DÌA	3º DÌA
9.00 ás 9.15	Recibimento dos nenos e nenas e as súas familias. Pintamos a primavera		
9.15 ás 9.45	Asemblea inicial Programa xeral, normas de convivencia Benvida Primavera Xogos de presentación	Asemblea, programa do día Contos nas árbores	Asemblea, programa do día Contos nas árbores
9.45 ás 10.15	Xogos cooperativos co paracaídas entre pequenos e maiores Contos nas árbores	Roteiriño a pe e visita a Finca da Carballeira Investigación e xoguínos no Rego de San Marcos	Roteiro ambiental ao Monte Xalo (BUS compartido grupo maiores e pequenos) Xogos en Celas
10.15 ás 11.00	Obradoiro Caderniño reciclado - artístico dos paxaros e flores		
11.00 ás 11.30	Merendiña		
11.30 ás 12.00	Tempo libre Xogos na Finca Tenreiro	Merendiña á sombría das árbores.	Merendiña, contos e lendas e xogos arredor do Castelo
12.00 ás 13.40	Horta ecolóxica Coidado e plantación, sementeira Descuberta das flores silvestres de Primavera	Xogos no Parque de San Pedro	Festival da primavera co grupo dos maiores
13.40 ás 14.00	Asemblea, diario e lembranza do día despedida	Asemblea, diario e lembranza do día despedida	Despedida agarimosa, e asemblea final.

CAMPAESCOLA/7-11 anos. ALBERGUE FINCA TENREIRO

	1º DÌA	2º DÌA	3º DÌA
9.00 ás 9.15	Recibimento dos nenos e nenas e as súas familias. Pintamos a primavera		
9.15 ás 9.45	Asemblea inicial Programa xeral, normas de convivencia Benvida Primavera Xogos de presentación	Asemblea, programa do día Contos nas árbores	Asemblea, programa do día Contos nas árbores
9.45 ás 10.30	Xogos cooperativos co paracaídas entre pequenos e maiores Contos nas árbores	Roteiriño a pe e visita a Finca da Carballeira Xogo de pistas das árbores Paseo pola Finca da Carballeira e xoguínos ambientais no campo Obradoiro de paisaxes Pintando o medio	Roteiro ambiental ao Monte Xalo (BUS compartido grupo maiores e pequenos) Andando polas cercanías do Petón do Xalo e vendo a paisaxe
10.30 ás 11.00	Horta ecolóxica Coidado e plantación, sementeira Xogos de pistas das flores		
11.00 ás 11.30	Merendiña		
11.30 ás 12.00	Tempo libre Xogos na Finca Tenreiro	Merendiña á sombría das árbores.	Investigando as lendas de Mazafacha
12.00 ás 13.40	Obradoiro de caixas niño e reclamos das aves	Xogos no Parque de San Pedro	Festival da primavera co grupo dos pequenos
13.40 ás 14.00	Asemblea, diario e lembranza do día despedida	Asemblea, diario e lembranza do día despedida	Despedida agarimosa, e asemblea final.

● **PAZAS:** 30 para nenos e nenas nadas entre o 31 de marzo de 2014 e o 30 de marzo do 2023

● **DATAS:** 30 e 31 de marzo e 1 de abril en horario de 09.00 a 14.00

● **DESTINATARIOS/AS:** alumnado de Educación Infantil e Primaria.

● **LUGAR:** Albergue Municipal Finca Tenreiro (Nós)
Ubicación : <https://maps.app.goo.gl/SgYufsG1s4MdBjyw5>

● **PREZO:** 19,00 euros.

● **PREINSCRICIÓN:** do 23 de febreiro ao 2 de marzo
Farase cubrindo o seguinte formulario de inscrición no seguinte vínculo:
<https://www.oleiros.org/web/forms/shared/-/form/2294482>

Podes acceder tamén escaneando o código QR ►



● **SORTEO:** se hai máis solicitudes que prazas ofertadas en cada grupo, terá lugar un sorteo o día 5 de marzo na Fábrica ás 11.30 h, no que terán preferencia os participantes empadroados.

● **INSCRICIÓN:** do 9 ao 13 de marzo, os participantes con praza terán que formalizar a inscrición preferentemente por correo-e (ensino@oleiros.org) enviando o xustificante de pago cuberto e aboadado.

● **REUNIÓN INFORMATIVA:** o día 26 de marzo, ás 20.00 h no Auditorio da Fábrica en Sta. Cristina.

QUE HAI QUE LEVAR?

- Unha mochila pequena e cómoda para os paseños.
- A merendiña sana e saudable para a media mañá.
- Calzado cómodo e axeitado para camiñar e traballar na horta, que non sexa de estrea.
- Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- Unha muda para posibles continxencias.
- Gorriña ou pucho para o sol ou o frío.
- Chuvasqueiro, por se chove.
- Cantimplora ou botella de auga.
- Un caderniño e un lápis: para recoller as sorpresas con palabras e bonitos debuxos.
- Lembra de marcar toda a roupa e material que leven os nenos e nenas.

Outro material que tamén podes levar: ▼

- Prismáticos: servirán para observar as aves e as paisaxes.
- Instrumento de música pequeno.
- Contos.

Cada día informaremos aos pais e nais para que saiban o material que se necesita para o día seguinte.

Máis información

**SERVIZO MUNICIPAL
DE EDUCACIÓN**

Teléfono: 981-610000 • Extensión 4922

Correo-e: ensino@oleiros.org

HORARIO XERAL:

O horario do CAMPAESCOLA é de

09:00 a 14:00 h.



Concello de



Oleiros